

BASES REGULADORAS DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA A PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA FACERLLE FRONTE AO IMPACTO DA COVID-19 DURANTE O ANO 2020, DESDE A ESTRATEXIA LOCAL PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

O 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) cualificou como pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, debido á súa rápida propagación a nivel mundial. Como consecuencia, o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional mediante o Real decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Como medida para loitar contra a propagación do coronavirus decretouse o peche de todos os centros educativos, nos que pararon tanto as actividades lectivas coma as extraescolares, así como de todos os centros comunitarios. O confinamento dificultou a externalización dos coidados, o que supuxo un incremento das responsabilidades familiares, e dificultou, aínda máis, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Se algo puxo de relevo a loita contra o coronavirus foi a importancia dos coidados para a vida, e fíxonos conscientes do seu valor, colocándoos no centro, como eixe central do estado de benestar.

Para responder ás consecuencias desta crise sociosanitaria debemos analizar o seu impacto desde a perspectiva de xénero, e evitar que as desigualdades de oportunidades existentes entre mulleres e homes se incrementen.

Se analizamos desde o enfoque de xénero o cambio da realidade cotiá da maioría dos fogares durante o confinamento, segundo os datos que achegan os primeiros estudos realizados ao respecto, podemos comprobar que este supuxo unha reorganización dos coidados e dos usos do tempo e que, na maioría dos casos, as mulleres seguen soportando o incremento desta carga. Elas continúan realizando as tarefas derivadas do traballo doméstico e dos coidados, tanto non remunerado coma remunerado, das nenas e nenos e persoas dependentes. Esta sobrecarga de traballo e a imposibilidade de externalizar os coidados durante a pandemia supuxo que moitas mulleres abandonasen o seu traballo ou reducisen a súa xornada laboral, coas consecuencias que iso implica.

Se non queremos dar pasos cara atrás na loita para conseguir a igualdade real e efectiva de oportunidades entre mulleres e homes e perder, deste xeito, os logros alcanzados, esta situación de excepcionalidade obriga as administracións públicas a adoptar, coa máxima celeridade, aquelas medidas dirixidas a paliar os efectos que está a sufrir a sociedade. Por iso,



desde a institución provincial créase esta liña de axudas co fin de lle facer fronte ao impacto da COVID-19 desde a estratexia local para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tendo en conta a perspectiva de xénero, fomentando a corresponsabilidade nos coidados e favorecendo a conciliación persoal, familiar e laboral.

Para levar a cabo estas liñas de acción, desde a institución provincial considérase necesario colaborar estreitamente cos concellos, por ser a Administración máis próxima á cidadanía e polo coñecemento que esta ten da súa poboación, co fin de promover e realizar actuacións para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Partindo da realidade de cada concello débense poñer en marcha estratexias específicas adaptadas ao contexto que axuden a mitigar o impacto da pandemia na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A Deputación convoca esta liña de subvencións públicas en virtude do artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no que se establece como competencia propia das deputacións a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, co fin de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; do artigo 9.2 da Constitución española, que recolle que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, e en conformidade coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade de xénero para todo o Estado español; e o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Estas subvencións réxense igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Bases

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación do procedemento de concesión, por concorrencia non competitiva, de execución e xustificación das axudas dirixidas aos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra para a realización de actividades de apoio ás familias para paliar as consecuencias da COVID-19 durante o ano 2020, desde a estratexia local para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



Segunda. Entidades destinatarias

Serán destinatarios desta convocatoria os concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra que poñan en marcha programas que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, ao tempo que promovan accións de sensibilización para a repartición equitativa dos espazos e dos tempos entre mulleres e homes, ademais de outorgarlles unha maior protección ás familias monoparentais e ás que se atopen en situación de especial vulnerabilidade.

Os programas desenvolveranse entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2020.

Terceira. Requisitos das persoas beneficiarias

- Residir e estar empadroadas no concello solicitante. No caso de existiren prazas vacantes, poderán cubrirse con persoas que acrediten a súa condición laboral no municipio
- Familias monoparentais ou coas dúas persoas proxenitoras en situación laboral activa
- No caso de persoas menores de idade, a persoa beneficiaria deberá ter a súa garda e custodia
- No caso de atención a un familiar en situación de dependencia, entre a persoa traballadora e a persoa en situación de dependencia deberá existir un vínculo de parentesco de primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de primeiro grao de afinidade, ou ben, ser cónxuxes ou parella de feito

Cuarta. Tipoloxía das axudas

Establécense as seguintes liñas de axuda:

1. Desenvolvemento de proxectos para favorecer a corresponsabilidade e a conciliación persoal, familiar e laboral que faciliten o coidado de menores de 14 anos durante o peche de centros escolares ou mentres se manteñan as restricións de asistencia do alumnado debido ás medidas de protección sanitaria
2. Realización de actuacións para o coidado de persoas maiores e/ou dependentes e para a atención de colectivos especialmente vulnerables
3. Organización de actividades de apoio ás persoas coidadoras



Quinta. Contía das axudas

As contías destinaranse a gastos correntes e de persoal, segundo se establece nos capítulos 1 e 2 da Orde emitida polo Ministerio de Economía e Facenda EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais (BOE núm. 297, de 10 de decembro de 2008).

Establécense como contías máximas dispoñibles para cada concello as detalladas no anexo I, calculadas en función do número de habitantes e do índice de dependencia global que fai referencia á relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos). Estes datos foron recollidos do Instituto Galego de Estatística (IGE).

Sexta. Financiamento

A contía consignada para esta convocatoria ascende a 364.800,00 euros, con cargo á aplicación 20/250.2315.462.01 do Orzamento provincial, supeditada á aprobación da correspondente modificación de crédito.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Se algún dos concellos interesados presenta a súa solicitude de forma presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que prevé a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Os órganos competentes para presentar as solicitudes por vía electrónica e todos os trámites relacionados co expediente son a alcaldesa, o alcalde ou a persoa en quen deleguen. No suposto de que deleguen a súa presentación deberán acreditar a representación da persoa designada para levar a cabo a tramitación administrativa do expediente.



Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Seguridade Social

No caso de que os concellos beneficiarios se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselle solicitar ao concello a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e ás súas emendas

Todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por vía electrónica a través do modelo "Instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle ao concello, en conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará previa resolución.



Décimo primeira. Notificacións

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Cidadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitada cando transcorran 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles aos concellos solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaráa a xefa do Servizo de Igualdade, de xeito individual, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e comprenderá as seguintes fases:

- Unha vez presentadas as solicitudes, o Servizo de Igualdade estudaráas e comprobaraas
- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, en conformidade co previsto no artigo 24 da LXS e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

O Servizo de Intervención emitirá un informe de fiscalización de cada expediente e do informe-proposta, dirixido ao órgano competente.

A resolución da concesión farase de xeito individual, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e notificarase en conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.



Sen prexuízo da obriga de resolver, e de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da LPACAP, transcorridos 6 meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen que se lles notifique a resolución expresa ás entidades interesadas, consideraranse desestimadas por silencio administrativo.

Décimo terceira. Pagamento e xustificación

Estas axudas aboaránselles directamente aos concellos logo da súa aprobación por parte do órgano competente.

Coa presentación da solicitude o concello poderá pedir o pagamento anticipado do 50 % das axudas aprobadas, logo de comprobar que a entidade receptora cumpre coas súas obrigas tributarias coa AEAT, a ATRIGA e a Seguridade Social. O 50 % restante librarase tras a xustificación da execución completa do programa.

Para a xustificación deberase achegar a seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "Instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

1. Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe das subvencións concedidas acompañadas do documento de aprobación polo órgano competente ou ben unha certificación da Secretaría ou de Intervención (ou do persoal funcionario competente) acreditativa de que os gastos cuxos detalles figuran na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, quedando a disposición da Deputación para o seu exame, se se considera oportuno, os xustificantes correspondentes.

Hai que destacar que os gastos correntes incluídos nesta convocatoria se deben corresponder con gastos realizados entre o 14 de marzo e o 31 de decembro de 2020.

As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios.

2. Conta xustificativa dos gastos para cada unha das subvencións concedidas atendendo ao importe total, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, nas que se poñan de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes das contas se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, segundo o establecido nas bases de execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible en www.depo.gal).



En conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só poderán utilizar o pagamento en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, en conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

3. Memoria da actividade segundo o modelo normalizado, dispoñible en www.depo.gal, realizada pola técnica ou técnico responsable dos servizos sociais comunitarios municipais.
4. Declaración responsable da alcaldesa, o alcalde ou a persoa en quen delegue de que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos sinalados nestas bases.

No caso de que as contías xustificadas sexan inferiores ao importe solicitado e recibido reintegraranse as cantidades indebidamente percibidas, en conformidade co establecido no artigo 89 do RLXS.

O prazo de presentación da documentación xustificativa remata o 31 de marzo de 2021.

Décimo cuarta. Compatibilidade das axudas

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados, pero o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada á persoa beneficiaria. No caso de superar este límite, deberá comunicarse este feito co obxecto de reducir o importe da subvención.

Décimo quinta. Vixencia

Estas bases estarán vixentes ata o 31 de marzo de 2021.



Décimo sexta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, en conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e documentos que o concello beneficiario declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades beneficiarias poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo oitava. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria a LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2020.

As entidades beneficiarias das axudas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecidos na LXS.



Décimo novena. Réxime de recursos

Contra este acto, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado competente desta orde, nos 2 meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo). Non obstante, potestativamente poderá interpoñerse un recurso de reposición ante o órgano autor desta resolución ou acordo, no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigo 124 da LPACAP).

De optarse pola interposición do recurso de reposición, o recurso contencioso-administrativo non poderá interpoñerse ata que aquel sexa resolto expresamente ou por silencio administrativo. O recurso de reposición resolverase e notificarase no prazo de 1 mes, e entenderase desestimado polo transcurso dese prazo sen resolución expresa e notificada (artigos 124.2 e 24.1 e 2 da LPACAP). Neste último caso, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de 6 meses contados a partir do día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (artigos 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Non obstante, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime e sexa conforme a dereito.

Vixésima. Interpretación

A Presidencia resolverá a interpretación e a resolución das dúbidas que poidan xurdir, co informe previo dos servizos de Igualdade, Secretaría e Intervención, cando proceda.

Vixésimo primeira. Publicidade

Debe constar, tanto en toda a publicidade (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades subvencionadas coma na páxina web que se elabore, a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, en conformidade co artigo 31 do RLXS. Para o cobro da subvención será unha condición indispensable achegar, xunto co resto da xustificación, un documento probatorio: unha foto, unha folla de xornal ou unha captura de pantalla da web. O manual de imaxe corporativa poderase consultar en <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>.

O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á perda da subvención.



ANEXO I. CONTÍAS MÁXIMAS SUBVENCIONABLES

Concello de 3.000 habitantes ou menos

Agolada	4.700,00 €
Arbo	3.700,00 €
Campo Lameiro	3.700,00 €
Covelo	4.700,00 €
Crecente	4.700,00 €
Dozón	4.700,00 €
Fornelos de Montes	3.700,00 €
Lama, A	4.700,00 €
Mondariz-Balneario	3.700,00 €
Pazos de Borbén	3.700,00 €
Portas	3.700,00 €
Rodeiro	4.700,00 €

Concello de entre 3.001 e 5.000 habitantes

Barro	4.700,00 €
Catoira	4.700,00 €
Cuntis	5.700,00 €
Forcarei	5.700,00 €
Illa de Arousa, A	4.700,00 €
Meis	4.700,00 €
Mondariz	5.700,00 €
Moraña	4.700,00 €
Neves, As	5.700,00 €
Oia	4.700,00 €
Pontecesures	4.700,00 €

Concello de entre 5.001 e 10.000 habitantes

Cañiza, A	6.700,00 €
Caldas de Reis	5.700,00 €
Cerdedo-Cotobade	6.700,00 €
Meaño	5.700,00 €
Ponte Caldelas	6.700,00 €
Ribadumia	5.700,00 €
Rosal, O	5.700,00 €
Salceda de Caselas	5.700,00 €
Salvaterra de Miño	5.700,00 €



Silleda	6.700,00 €
Soutomaior	5.700,00 €
Valga	5.700,00 €
Vila de Cruces	6.700,00 €
Vilaboa	6.700,00 €

Concellos de entre 10.001 e 15.000 habitantes

Baiona	6.700,00 €
Bueu	7.700,00 €
Cambados	6.700,00 €
Gondomar	6.700,00 €
Grove, O	6.700,00 €
Guarda, A	7.700,00 €
Tomiño	6.700,00 €
Vilanova de Arousa	7.700,00 €

Concellos de entre 15.001 e 20.000 habitantes

Moaña	8.700,00 €
Mos	7.700,00 €
Nigrán	7.700,00 €
Poio	7.700,00 €
Porriño, O	7.700,00 €
Sanxenxo	8.700,00 €
Tui	8.700,00 €

Concellos de entre 20.001 e 50.000 habitantes

Cangas	8.200,00 €
Estrada, A	9.200,00 €
Lalín	9.200,00 €
Marín	8.200,00 €
Ponteareas	8.200,00 €
Redondela	8.200,00 €
Vilagarcía de Arousa	8.200,00 €

